

DECRETO Nº: 1731 / 2020

DECRETO DA ALCALDÍA

ASUNTO: AMPLIACIÓN DOS PRAZOS DE MATRÍCULA DOS SERVIZOS COMPLEMENTARIOS DE EDUCACIÓN (BOS DÍAS COLES, COMEDOR ESCOLAR E TARDES DIVERTIDAS) PARA O CURSO 2020/2021.

EXPEDIENTE: 1095/2020

ANTECEDENTES:

Con data 22 de xullo de 2020 e segundo o establecido o artigo 22 do Regulamento da Rede Municipal de Comedores, Bos Días Cole e Tardes Divertidas do Concello de Ames (BOP núm. 23, de 1 de febreiro de 2018) publicouse a lista definitiva de admitidos e excluídos para a preinscrición nos servizos complementarios de educación (Bos Días Cole, Comedor Escolar e Tardes Divertidas), establecéndose como prazo de matrícula para estes servizos desde o 27 de xullo de 2020 ao 7 de agosto de 2020.

A raíz da situación de crise sanitaria na que está o país derivada do COVID-19, tódalas oficinas do Concello, incluíndo as oficinas de asistencia en materia de rexistro, funcionan con cita previa.

A carga de solicitudes que está soportando o rexistro xunto co sistema de cita previa co que se ve avogado a funcionar por mor da situación de crise sanitaria, dificultan que se poidan rexistrar tódalas solicitudes de matrícula dos servizos complementarios de educación para o curso 2020/2021 dentro do prazo establecido.

O artigo 32 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, indica que se poderá conceder de oficio ou a instancia dos interesados, unha ampliación dos prazos establecidos que non exceda a metade dos mesmos si as circunstancias o aconsellan e con ilo non se prexudican dereitos de terceiros.

Por conseguinte, e visto as dificultades que están tendo as oficinas de asistencia en rexistro do Concello para facer fronte a tódalas solicitudes de matrícula dos servizos complementarios de educación (Bos Días Cole, Comedor Escolar e Tardes Divertidas) do curso 2020/2021 que están pendentes de rexistrar, é necesario facer unha ampliación de prazos de 5 días hábiles.

Á vista de todo o anterior, no uso das atribucións que me outorga a lexislación do réxime local, **RESOLVO:**

Primeiro.- Ampliar o prazo para a presentación de solicitudes de matrícula dos servizos complementarios de educación (Bos Días Cole, Comedor Escolar e Tardes Divertidas) do Concello de Ames 5 días hábiles, de xeito que dito prazo rematará o día 14 de agosto de 2020.

Segundo.- Publicar o contido desta resolución na páxina web municipal e no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Ames.

O alcalde

A secretaria accidental

José Manuel Miñones Conde

Concepción Vilas Cantelar

HASH DEL CERTIFICADO:
EEEBD3F6990B036D79D504EA7E4E7C1EE2A8C13
424A0DC2C804C9904630B170C82E3A0152717D8

Firmado Digitalmente en el Concello de Ames - <https://sede.concellodeames.gal> - Código Seguro de Verificación: 15220IDOC24030117B9ECA4345A9

PUESTO DE TRABAJO:
Alcalde
Secretaría accidental

NOMBRE:
MIÑONES CONDE, JOSE MANUEL
VILAS CANTELAR, CONCEPCION